Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 11 de xullo de 2024

[PLG/MCVR]

Na sala de comisión "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego,** o día **11 de xullo de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Victor Manuel Baladrón Lamas
Juan Manuel Casares Gándara
(en substitución de Argimiro Marnotes Fernández)
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
Cecilia Vázquez Suárez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
Noa Olalla Presas Bergantiños
(en substitución de Olalla Rodil Fernández)
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Patricia Iglesias Rey
(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)
Silvia Longueira Castro

Comparecentes:
Directora xeral de Promoción da Igualdade
Director de Asistencia Sanitaria
Director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución e as substitucións pertinentes.

Deseguido, a Presidencia, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das preguntas que conforman a orde do día, consistente en tramitar en cuarto lugar a POC doc. núm. 6430 (1.5).

Punto único. Preguntas:

1.1 1417 (12/POC-000223)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a valoración e o balance dos protocolos e das medidas postas en marcha contra a violencia sexual en Galicia e de protección ás vítimas, así como respecto da elaboración de estudos nesta materia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f3, do 18.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Presas Bergantiños (BNG)**, que expón os motivos nos que basea a formulación da pregunta que figura no BOPG anteriormente subliñado.

Para dar resposta a esta iniciativa intervén, en nome da Xunta de Galicia, a **señora directora xeral de Promoción da Igualdade (Consellería de Política Social e Igualdade) María Quintana Pérez.**

En rolda de réplica, a **señora Presas Bergantiños (BNG),** expón novas consideracións sobre a información recibida.

Pecha o debate desta iniciativa a **señora directora xeral de Promoción da Igualdade, María Quintana Pérez,** ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

A Presidencia agradece a presenza da señora Quintana Pérez nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

1.2 5442 (12/POC-000763)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as medidas que pensa impulsar a Consellería de Sanidade coa finalidade de conseguir rebaixar as listaxes de espera en consultas, probas diagnósticas ou cirurxía nos centros hospitalarios da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 37f2, do 12.06.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Longueira Castro (S)**, quen, procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **señor director xeral de Asistencia Sanitaria (Consellería de Sanidade) Alfredo José Silva Tojo.**

En rolda de réplica a **señora Longueira Castro (S),** expón novas consideracións sobre a información recibida, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo señor director xeral.

O **señor director xeral de Asistencia Sanitaria, Alfredo José Silva Tojo,** pecha o debate da iniciativa ampliando os datos amosados na súa anterior intervención.

1.3 5779 (12/POC-000816)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre a cobertura, ante a chegada do verán, dos servizos de pediatría dos centros de saúde de Camariñas, Zas e Vimianzo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 40f2, do 19.06.2024

A **señora Iglesias Rey (S),** expón os motivos nos que se basea esta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **señor director xeral de Asistencia Sanitaria (Consellería de Sanidade) Alfredo José Silva Tojo.**

Na rolda de réplica a **señora Iglesias Rey (S)**, incide na importancia desta iniciativa, logo de matizar algunhas das argumentacións expostas polo señor director xeral sobre as que expón novas consideracións.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **señor director xeral de Asistencia Sanitaria, Alfredo José Silva Tojo,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

1.5 6430 (12/POC-000899)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 5 máis
Sobre a situación da atención primaria sanitaria na comarca de Muros e Noia e as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa planificación dos recursos asistenciais dos seus centros de saúde
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 47f1, do 04.07.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Carreira Pazos (BNG)**, quen amplía os

PARLAMENTO DE GALICIA

motivos que se expoñen na presentación escrita da iniciativa e que xustifican a formulación das preguntas concretas que nela se inclúen.

Pasa a contestar a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, o **señor director xeral de Asistencia Sanitaria (Consellería de Sanidade) Alfredo José Silva Tojo.**

En rolda de réplica a **señora Carreira Pazos (BNG)** expón novas consideracións sobre a información recibida, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo señor Silva Tojo.

O **señor director xeral de Asistencia Sanitaria, Alfredo José Silva Tojo**, pecha o debate desta iniciativa ampliando a información solicitada pola señora deputada na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradece a presenza e colaboración do señor director xeral de Asistencia Sanitaria cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse para atender outras obrigas.

1.4 5900 (12/POC-000835)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre os plans do Goberno central en relación co sistema de repartición dos menores migrantes non acompañados que se atopan nas Canarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f2, do 26.06.2024

A **señora Arias Rodríguez (P)**, expón os motivos nos que se basea a formulación desta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

Para dar resposta a esta iniciativa intervén, en nome da Xunta de Galicia, o **señor director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (Consellería de Política Social e Igualdade) Jacobo José Rey Sastre.**

En rolda de réplica, a **señora Arias Rodríguez (P)** agradece a información recibida, que comenta, e sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa o **señor director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo José Rey Sastre,** ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

A señora presidenta agradece a presenza do señor Rey Sastre nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e

levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:40 horas.

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.03 09:56:51 +02'00'

V. e pr.
Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2024.10.03 09:51:37 +02'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión